



FICHA DIDÁCTICA
Primaria e secundaria



MEDICOS SIN FRONTERAS
MEDICOS SEN FRONTEIRAS

1. INTRODUCCIÓN E MARCO PEDAGÓXICO

1.1 PRESENTACIÓN DE MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

Médicos Sen Fronteiras é unha organización de **acción médico-humanitaria**: asistimos a persoas ameazadas por conflitos armados, violencia, epidemias ou enfermidades esquecidas, desastres naturais e exclusión da atención médica.

SABER MÁIS:

Para saber máis sobre a nosa organización, que facemos e como o facemos, poñede este vídeo en clase.



QUE É MÉDICOS SEN FRONTEIRAS:

<https://www.youtube.com/watch?v=Pklm0qiwA3s>

Médicos Sen Fronteiras é unha **organización independente**: avaliamos libremente as necesidades das poboacións en crise e decidimos que asistencia lles proporcionamos, sen condicionamentos debidos a intereses políticos, económicos ou relixiosos.

Máis do 90 % dos fondos é de orixe privada e o resto corresponde a organismos públicos, como as axencias de axuda humanitaria dalgúns Gobernos.

Non temos ánimo de lucro e destinamos a gran maioría dos fondos recibidos á nosa misión social (acción médica e testemuño).

SABER MÁIS:

Se queredes saber máis sobre a nosa labor e descubrir como podedes axudar, poñede este vídeo en clase.



OS NÓSOS PRINCIPIOS:

<https://youtu.be/dwCLZCbT5Qg>

1.2 EXPLICACIÓN DA INICIATIVA ‘CREADORES SEN FRONTEIRAS’

Médicos Sen Fronteiras require a **colaboración cidadá, de persoas coma vós**, para levar a cabo as iniciativas que desenvolvemos en diversos países.

Deste modo, e sabendo que xa desenvolvedes en clase a **competencia cidadá**, propoñémosvos esta iniciativa, **‘Creadores Sen Fronteiras’**, que vos axudará a fomentar a iniciativa persoal do voso alumnado, desenvolvendo hábitos de traballo en equipo cun proxecto solidario que fomenta a empatía e dá a coñecer a importancia do acceso universal á saúde.

Neste sentido, a campaña escolar **‘Creadores Sen Fronteiras’** tradúcese en crear, coa vosa axuda, **unha iniciativa solidaria en liña** que sensibilizará tamén a contorna do voso alumnado sobre o proxecto que ides crear grazas ás **pautas descritas** nesta ficha didáctica.

1ª fase SENSIBILIZACIÓN	Visualización dos vídeos <u>1 (Coñece Médicos Sen Fronteiras)</u> e 2 (<u>Pasamos á acción!</u>).	Guión de preguntas que invitan a profundar no labor de Médicos Sen Fronteiras. Reflexión e debate de grupo.
2ª fase COÑECER A FONDO A ACTUACIÓN DE MÉDICOS SEN FRONTEIRAS	Ámbitos de actuación de Médicos Sen Fronteiras. Recursos audiovisuais. Dinámica participativa.	Dinámica de grupo para traballar a solidariedade e a empatía.
3ª fase DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA SOLIDARIA	Elección da iniciativa. Paso a paso da súa creación na web.	Pautas orientativas para o desenvolvemento da iniciativa e reparto de roles.

1.3 OBXECTIVOS XERAIS E DIDÁCTICOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar a cooperación e a participación do alumnado en proxectos solidarios que fomenten a empatía e a competencia cidadá.
- Sensibilizar sobre a importancia da saúde e do acceso a ela para unha boa calidade de vida.
- Sensibilizar sobre algúns dos ámbitos de actuación de Médicos Sen Fronteiras, como a asistencia a poboacións refuxiadas e desprazadas, a atención en crises sanitarias, a vacinación infantil e a resposta a outras emerxencias, e mostrar a importancia de participar de forma cooperativa para axudar a reverter estas situacións.
- Reflexionar sobre o papel activo que pode tomar o alumnado, como axente de cambio, mediante a aprendizaxe cooperativa.
- Mostrar a labor de Médicos Sen Fronteiras e a universalidade da saúde, e motivar a participación nunha iniciativa solidaria desenvolvida polo alumnado.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Prepararse para o exercicio activo da cidadanía.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico e iniciativa persoal.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, así como a igualdade de dereitos e oportunidades.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións cos demais.

1.3 COMPETENCIAS CHAVE E VINCULACIÓN CURRICULAR

COMPETENCIA CIDADÁ

- Comprende e analiza problemas éticos de actualidade, desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
- Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodpendencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

COMPETENCIA EMPRENDEDORA

- Analiza necesidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal e social.
- Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, con signos ou multimodais dos ámbitos persoal e social para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
- Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, intégraa e transfórmaa en coñecemento.
- Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas.

COMPETENCIA DIXITAL

- Realiza buscas na Internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.
- Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
- Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

VINCULACIÓN CURRICULAR NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

3º ciclo

SABERES BÁSICOS

B. Tecnoloxía e dixitalización	1. Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe.	Estratexias de busca de información seguras e eficientes en Internet.
C. Sociedades e territorios	1. Retos do mundo actual.	O clima e o planeta. Introdución á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo.
		Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios.
		Cidadanía activa. Participación social e cidadá.
	3. Alfabetización cívica.	A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.
	4. Conciencia ecosocial.	O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias.
		Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.
		O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS

3º ciclo

SABERES BÁSICOS

A. Autocoñecemento e autonomía moral.	O pensamento crítico e ético.
	A ética como guía das nosas accións. O debate sobre o que é valioso e os valores. As normas, as virtudes e os sentimentos morais.
B. Sociedade, xustiza e democracia.	Principios e valores constitucionais e democráticos. O problema da xustiza.
	Os dereitos humanos e da infancia e a súa relevancia ética.
	A desigualdade económica. A pobreza e a explotación laboral e infantil: análise das súas causas e busca de solucións locais e globais.
	O respecto polas minorías e as identidades etnoculturais. Interculturalidade e migracións.
	A cultura de paz e non violencia. Valoración da defensa como un compromiso cívico e solidario ao servizo da paz. A protección civil e a colaboración cidadá fronte aos desastres. O papel das ONG e ONGD. A resolución pacífica dos conflitos.
C. Desenvolvemento sustentable e ética ambiental.	A acción humana na natureza. Ecosistemas e sociedades: interdependencia, ecodependencia e interrelación.
	Os límites do planeta e o cambio climático.
	O deber ético e a obrigaón legal de protexer e coidar o planeta.

VINCULACIÓN CURRICULAR NA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	
1º a 3º curso	
SABERES BÁSICOS	
E. Ecoloxía e sustentabilidade	As causas do cambio climático e as súas consecuencias sobre os ecosistemas.
	A relación entre a saúde ambiental, humana e doutros seres vivos: <i>one health</i> (unha soa saúde).
H. Saúde e enfermidade	A importancia da vacinación na prevención de doenzas e na mellora da calidade de vida humana.

EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS	
SABERES BÁSICOS	
A. Autocoñecemento e autonomía moral	A investigación ética e a resolución de problemas complexos.
	A ética como guía das nosas accións. A reflexión ao redor do valioso e os valores: universalismo e pluralismo moral.
B. Sociedade, xusticia y democracia	A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
	Asociacionismo e voluntariado. A cidadanía e a participación democrática. Os códigos deontolóxicos. As éticas aplicadas.
	A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. Globalización económica e bens públicos globais. O comercio xusto. O dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
	Accións individuais e colectivas en favor da paz. A atención ás vítimas da violencia. O dereito internacional e a cidadanía global. O papel das ONG e das ONGD.

C. Sustentabilidade e ética ambiental	Interdependencia, interconexión e ecodependencia entre as nosas formas de vida e a contorna. O local e o global. Consideración crítica das diversas cosmovisións sobre a relación humana coa natureza.
	Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. A pegada ecolóxica das accións humanas. A emerxencia climática.
	Diversas formulacións éticas, científicas e políticas sobre os problemas ecosociais. A ética ambiental. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º e 2º curso

SABERES BÁSICOS

A. Retos do mundo actual	Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.
B. Sociedades e territorios	Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.
	Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.
	Violencia e conflitos armados. Os civís durante as guerras.
	Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias.

C. Compromiso cívico	Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos da Infancia.
	Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.
	Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación da sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
	Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

2. PRIMEIRA FASE: SENSIBILIZACIÓN

2.1 SINOPSE DOS VÍDEOS 1 (COÑECE MÉDICOS SEN FRONTEIRAS) E

2 (PASAMOS Á ACCIÓN!)

VÍDEO 1: COÑECE MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

Material necesario para a aula	Duración	Sinopse
Ordenador de mesa ou portátil con Internet. Proxector, pantalla e altosfalantes para a aula.	1 minuto aprox. https://www.youtube.com/watch?v=kb9L-l5lass	Vídeo que se dirixe ao alumnado. Por medio de animacións e infografías, explica de forma sinxela a labor que realizamos desde Médicos Sen Fronteiras.

VÍDEO 2: PASAMOS Á ACCIÓN!

Material necesario para a aula	Duración	Sinopse
Ordenador de mesa ou portátil con Internet. Proxector, pantalla e altosfalantes para a aula.	2 minutos aprox. https://www.youtube.com/watch?v=dmXnniYptug	Vídeo que se dirixe ao alumnado. Unha persoa de Médicos Sen Fronteiras explica, paso a paso, como desenvolver a iniciativa na aula, por medio de cartelas e efectos de transición, ao estilo TikTok, para atraer a atención do voso alumnado.

2.2 RECOMENDACIÓNS E ORIENTACIÓNS

PEDAGÓXICAS **Vídeo 1: Coñece Médicos Sen Fronteiras**

Inicia un breve debate reflexivo sobre o vídeo que acabas de proxectar na aula. Podes utilizar estas preguntas a modo de guía:

- Que vos pareceu o vídeo?

Deixa que respondan os alumnos. Se algún coñece a Médicos Sen Fronteiras ou ten algún familiar que colaborase ou doase algunha vez, deixa que relate a súa experiencia.

- Coñeciades a Médicos Sen Fronteiras?

A quen non coñeza a Médicos Sen Fronteiras, pregúntelle que lle parece, se está ben, se fai un bo labor, etc. Vimos que é persoal médico que se despraza alá onde é necesario...

- Por que é tan importante o seu labor?
- Por que credes que se desprazan a outros países?

A diferenza dos países de rendas baixas ou vulnerables a emerxencias, conflitos, desprazamentos de poboación, crises sanitarias, etc., aquí temos atención médica. Cando contraemos unha enfermidade, podemos chamar ao médico ou ir ao centro de saúde para que nos curen. Ademais, dispoñemos de farmacias para recoller medicamentos que nos axuden a curarnos.

Pero nalgúns países non sempre hai médicos nin farmacias para atender á poboación. Entón...

- Que pasa cando a poboación non dispón de hospitais, vacinas ou medicinas?
- Que pasaría se Médicos Sen Fronteiras non interviñese?

Deixa que o alumnado se exprese libremente e anota no encerado algunhas frases ou palabras clave que evidencien o que fai Médicos Sen Fronteiras ("axudar", "acudir a emerxencias", "mellorar a saúde", "curar", etc.)

Desta forma, unha vez rematado este pequeno debate, o alumnado poderá ver, cun golpe de vista, as principais actuacións de Médicos Sen Fronteiras: son persoas que axudan a outras persoas alá onde as necesiten, que se desprazan a zonas de emerxencia ou conflitos para asegurar a saúde dos seus habitantes...

Vídeo 2: Pasamos á acción!

Inicia un breve debate reflexivo sobre o vídeo que acabas de proxectar na aula. Podes utilizar estas preguntas a modo de guía:

Fixádevos, chamáronos dunha maneira moi concreta: imos ser CREADORES SEN FRONTEIRAS!

- Que imos crear?
- Que ideas nos poden axudar a crear a iniciativa?

Porque, neste vídeo que acabamos de ver, nos están pedindo axuda.

- Hai algún problema (conflitos, desnutrición, falla de vacinación, emerxencias) que vos chame a atención?
- Hai algunha iniciativa (aniversario, evento cultural ou deportivo, idea libre) que vos guste máis?

Deixa que se expresen libremente e anota no encerado algunhas frases ou palabras clave que poñan en valor as ideas e iniciativas que propoñan. Desta maneira, iniciamos un proceso de empoderamento que afianzará ao alumnado na súa toma de decisións, permitindo que tome parte activa no desenvolvemento da iniciativa elixida.

O seguinte paso será definir, como grupo-aula, o ámbito de actuación e o tipo de iniciativa solidaria que van desenvolver.

3. SEGUNDA FASE: COÑECER A FONDO A ACTUACIÓN DE MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

3.1 ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DE MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

Millóns de persoas viven nunha emerxencia cotiá, sometidas aos conflitos armados, á violencia e ao desprazamento, ás enfermidades endémicas e epidémicas, aos desastres naturais e á exclusión da atención sanitaria. Estas persoas reciben unha asistencia moi escasa e a maior parte das súas necesidades máis urxentes quedan sen resposta, e por iso son os contextos onde traballamos habitualmente.

1-Vítimas de conflitos

A guerra, que supón o enfrontamento directo de faccións armadas cun obxectivo determinado, é a manifestación máis violenta dun conflito entre diferentes grupos humanos.

Desde principios do século XX, o impacto directo das guerras nas poboacións civís se foi agravando: a miúdo son vítimas intencionadas dos bombardeos, ataques e abusos, e, cando non, quedan atrapadas sen posibilidade de recibir asistencia ou se ven obrigadas a fuxir nas condicións máis adversas.

SABER MÁIS:

Ofrecémosche este vídeo por se queres usalo en clase, pero, dada a súa temática, suxerímoste velo antes e que valores se é adecuado á idade madurativa do teu alumnado.



GUERRAS E VIOLENCIA:

Fai clic na ligazón e proxecta o vídeo explicativo.

<https://www.msf.es/nuestra-accion/guerras-violencia>

2-Desnutrición

Cada ano, 2,5 millóns de nenos e nenas menores de 5 anos morren debido á desnutrición ou por causas relacionadas con ela. O 80 % dos casos de desnutrición nas súas formas máis agudas se concentran en tan só 20 países do mundo.

O acceso aos alimentos é fundamental para unha boa nutrición na primeira infancia. Non obstante, nos países con menos recursos, moitas familias non poden pagarse estes alimentos, e en situacións de crise nin sequera están dispoñibles. Cando unha persoa no inxire os nutrientes suficientes para cubrir as súas necesidades, o corpo comeza a consumirse: primeiro perde graxa e logo músculo.

SABER MÁIS:

Fai clic nos enlaces para obter máis información.

DESNUTRICIÓN:

<https://www.msf.es/nuestra-accion/desnutricion>

<https://www.msf.es/nuestra-accion/salud-pediatrica>

3-Vacunación infantil

Moitas persoas non reciben atención médica sinxelamente por ser quen son, por non ter recursos, porque son discriminadas ou por vivir nun lugar moi illado; sofren unha exclusión sanitaria tan extrema que nin sequera poden ir ao médico cando están enfermas, e iso ten graves consecuencias para a súa saúde física e mental.

Dentro da atención pediátrica preventiva, unha das actividades máis eficaces é a vacinación, porque prevén enfermidades graves que poden ser incapacitantes ou mortais.

SABER MÁIS:

Fai clic na ligazón e proxecta o vídeo explicativo.



VACINACIÓN:

<https://www.msf.es/nuestra-accion/vacunacion>


<https://www.youtube.com/watch?v=TxFiyRhRKAU&t=1270s>

4-Desastres naturais

Os fenómenos naturais de gran magnitude, cando se producen preto de zonas habitadas, soen provocar terribles perdas humanas e materiais: falamos de terremotos, furacáns, tsunamis, inundacións ou escorregamentos de terra, entre outros.

SABER MÁIS:

Fai clic na ligazón e proxecta o vídeo explicativo.



CUÁNDO INTERVENIMOS:
DESASTRES NATURALES

DESASTRES NATURAIS:

<https://www.msf.es/nuestra-accion/desastres-naturales>

3.2 RECURSOS AUDIOVISUAIS COMPLEMENTARIOS

VÍDEOS RECOMENDADOS PARA A ETAPA PRIMARIA

- 50 anos de humanidade:
<https://www.youtube.com/watch?v=23ngVBwaG2U>
- O neno que quixo ser médico:
<https://www.youtube.com/watch?v=MVrEOiTBXgc>
- Seguiremos loitando:
<https://www.youtube.com/watch?v=X1Fs74EbUP4>
- Que é a saúde planetaria?:
<https://www.youtube.com/watch?v=2uVG4o7Q-CQ>


VÍDEOS RECOMENDADOS PARA A ETAPA SECUNDARIA

- Memoria 2021: O poder do acto médico.
<https://www.youtube.com/watch?v=CjMRXjDa4bs>
- Palabras que inspiran para actuar:
<https://www.youtube.com/watch?v=8uBSxhQNBbU>
- Que farías ti?:
<https://www.youtube.com/watch?v=MVrEOiTBXgc>
- Saír a traballar con Médicos Sen Fronteiras por primeira vez: expectativas fronte a realidade:
<https://www.youtube.com/watch?v=JSkUPUMIQ50>
- Que son as patentes médicas?
<https://www.youtube.com/watch?v=y6nafWDYNHQ>

3.3 DINÁMICA DE GRUPO PARA TRABALLAR A SOLIDARIEDADE E A EMPATÍA

ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Organiza a clase en equipos de traballo.
- Fotocopia e recorta as catro viñetas para entregalas a cada equipo.
- Pide que cada equipo elixa unha viñeta e cree un cómic con ela.
- Cada equipo deberá inventarse unha historia, debuxando as viñetas que relatan a situación antes da chegada de Médicos Sen Fronteiras (o tipo de necesidade que hai que cubrir, o desastre ou conflito, etc.), situando a viñeta orixinal elixida no centro da historia e debuxando outras que a completen a modo de desenlace positivo (a solución ao conflito, as vacinas, a asistencia nos campos, etc.).
- Cada grupo expón ao resto da clase a súa historia en cómic, así como a solución achegada grazas á chegada de Médicos Sen Fronteiras.
- Realiza un debate e extrae as conclusións ás que chegase a clase.
- Anota as mellores no encerado e pensade na iniciativa solidaria que ides desenvolver.



Vítimas de conflitos



Vacinación



Desastres Naturais



Desnutrición

ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

- A dinámica que se propón segue a metodoloxía de Aula Invertida (Flipped Classroom), proporcionando ligazóns a noticias e testemuños de Médicos Sen Fronteiras, por cada ámbito de actuación.
- Organiza a clase en equipos de traballo.
- Reparte un ámbito de actuación a cada equipo ou pide que cada un elixa o seu (pódense repetir).
- Cada un deberá recompilar entre tres e cinco noticias relacionadas co ámbito de actuación, e elixir un ou dous testemuños de Médicos Sen Fronteiras.
- Cada grupo expón ao resto da clase os resultados da súa busca e explica a labor de Médicos Sen Fronteiras nese ámbito de actuación.
- Tras esta posta en común, realizade un debate e extraede as conclusións ás que se chegase.
- Anota as mellores propostas no encerado e pensade na iniciativa solidaria que ides desenvolver.

Ligazóns para o alumnado, segundo o método Aula Invertida (*Flipped Classroom*)

A metodoloxía Aula Invertida (*Flipped Classroom*) é un modelo pedagóxico que proporciona ao alumnado recursos complementarios a un tema que se vai ver ou que se está a ver na aula, de xeito que accedan a eles desde as súas casas, para logo, na clase, compartir co grupo os resultados da súa busca.

Neste sentido, propón o estudo ou investigación fóra de clase, accedendo en casa aos contidos para, posteriormente, interactuar e realizar as actividades máis participativas (analizar ideas, debates, traballos en grupo, etc.) cun profesor que actúa de guía.

- **Testemuños** de persoal médico, loxístico, coordinador, etc., de Médicos Sen Fronteiras. Cada equipo de traballo elixe un ou dous.

<https://www.msf.es/actualidad/desde-el-terreno>

- **Novas de actualidade.** Cada equipo elixe o ámbito de actuación, facendo clic na casa “Temática”. Debe seleccionar entre tres e cinco novas.

<https://www.msf.es/actualidad/noticias>

4. TERCEIRA FASE: DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA

4.1 CREADORES SEN FRONTEIRAS

Proxecta o vídeo COMO CREAR UNHA INICIATIVA SOLIDARIA:

<https://www.youtube.com/watch?v=mEU3QGTsD3E&t=2s>



1. Elixide o **proxecto** ao que ides destinar os fondos, dentro do **ámbito de actuación** proposto por Médicos Sen Fronteiras.

VÍTIMAS DE CONFLICTOS	DESNUTRICIÓN	VACINACIÓN INFANTIL	DESASTRES NATURAIS
-----------------------	--------------	---------------------	--------------------

2. Elixide o **tipo de iniciativa**.

ANIVERSARIO	EVENTO SOLIDARIO	EVENTO DEPORTIVO	IDEA LIBRE
-------------	------------------	------------------	------------

Se queredes, podedes ver exemplos de iniciativas, neste vídeo: **DESNUTRICIÓN:**

<https://iniciativassolidarias.msf.es/fundraisers?q=colegio>

ANIVERSARIO OU DATA ESPECIAL

Por exemplo, se algún alumno ou alumna vai a celebrar o seu aniversario ou un encontro cos seus amigos ou familia, podedes suxerir que, en vez de facer un regalo, fagan un donativo, que se destinará a axudar a quen máis o necesita.

Tamén podedes facelo con motivo dalgunha data importante para o voso centro educativo (o Día da Paz, por exemplo) ou con motivo da semana cultural ou xornadas que organicedes no centro escolar.

EVENTO SOLIDARIO

Se no voso centro escolar tendes un grupo de teatro, danza ou música, podedes organizar unha función solidaria na que se doe o importe recadado coa venda de entradas.

EVENTO DEPORTIVO

Se o voso centro escolar conta con equipos de fútbol, baloncesto ou outro deporte, podedes formular un novo reto deportivo ou un partido benéfico, no que participantes e público os apoien doando a Médicos Sen Fronteiras.

IDEA LIBRE

Lembrede que sodes Creadores Sen Fronteiras, polo que calquera iniciativa solidaria orixinal que formuledes terá boa acollida na vosa contorna.

4.2 REPARTO DE ROLES E PAUTAS ORIENTATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO

DA INICIATIVA

A posta en marcha dunha **iniciativa solidaria en liña** ten por obxectivo fomentar o **espírito crítico** do alumnado a través do **compromiso e o empoderamento**, que lle permite ser protagonista da iniciativa que creou e desenvolveu, así como poñer ao servizo da solidariedade **o talento e a creatividade** de cada alumno.

Ao animar a que os escolares **traspasen os límites da aula** e informen da iniciativa na súa contorna próxima, contribuímos a desenvolver a **asunción de responsabilidades** e fomentamos a **competencia social e cidadá**, así como actitudes de confianza en si mesmos, **sentido crítico e toma de conciencia sobre a súa implicación e participación na sociedade actual**.

Poñendo aos alumnos e alumnas no centro da iniciativa, tomarán conciencia do seu papel como **axentes de cambio!**

1. Unha vez elixida a iniciativa e os seus contidos, a aula planifica e **define o obxectivo que debe acadarse**, así como os aspectos que se resaltarán para asegurar unha **alta participación**.

Nos equipos de traballo, fórmulanse estas preguntas.

- Que obxectivo (económico e solidario) queremos conseguir?
- Como logramos que participen todos os nosos coñecidos? (Explicación e difusión na contorna).

É mellor empezar cun **obxectivo económico** pequeno e alcanzable: pensade no número de contactos que se poden sumar á causa, multiplicádeo pola pequena cantidade que poidan achegar e logo dividídeo pola metade: ese será o primeiro obxectivo económico que se pode lograr, e que poderá aumentar.

Á hora de describir o **obxectivo solidario**, lograredes sensibilizar á vosa contorna se enfocades a historia de maneira próxima, de maneira que a vosa contorna se poida sentir identificada, con fotografías que axuden a interiorizar o voso compromiso e a empatizar coa causa elixida.

2. Independentemente de se é un evento solidario ou deportivo ou unha idea libre, tede en conta as **capacidades dos alumnos e alumnas, de maneira que se impliquen co que máis lles guste facer:**

- Os que destaquen en debuxo poden realizar o cartel do evento ou o deseño de folletos para repartir polo colexio ou arredores.
- Os que teñan máis facilidade para expresarse pódense encargar da redacción dos tuits e posts para redes sociais ou organizar unha pequena charla para informar a outros grupos e clases.
- Os que teñan facilidade para as matemáticas poden facerse cargo do obxectivo económico, supervisando a evolución da recadación na web.

3. Ide á páxina <https://iniciativassolidarias.msf.es/> e subide a vosa iniciativa, facendo clic no botón “CREA UNHA INICIATIVA”.

- Unha vez definida **na plataforma** a iniciativa solidaria, completádea con toda a información relevante:

Nome do centro educativo / aula participante.

Nome da iniciativa / sector elixido.

Obxectivos que se quere conseguir (económicos e solidarios).

Información xeral.

4. Personalizade a vosa **páxina de recadación**, explicando en detalle en que consiste a vosa iniciativa e o que vos moveu a levala a cabo e engadindo as fotos e vídeos que queirades

5. Difundide a vosa iniciativa na vosa contorna e nas redes sociais do centro escolar. Alumnos e alumnas converteranse en **influencers da súa contorna**, invitando a familiares e amigos a que entren na web, contribúan á recadación e a dean a coñecer a máis persoas.

SABER MÁIS:

Fai clic na ligazón para descubrir trucos e consellos que vos axudarán a dar máis visibilidade á vosa iniciativa.

<https://iniciativassolidarias.msf.es/how-it-works>

E lembrade:

As iniciativas solidarias en liña axudan a construír o mundo no que sempre quixestes vivir.

E AS VOSAS IDEAS SON A NOSA MELLOR MEDICINA!